



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: ADXUDICACIÓN CONTRATO DE SERVICIO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DE BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA

Nº Expediente: 2017/C004/000001

Asunto: CONTRATO DE SERVICIOS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA

Con data 28.06.2016 foi subscrito o Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Cedeira para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 21.06.2017 foi aprobado o expediente de contratación do servizo denominado “Servizo de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa”, invitando a tres empresas a participar na súa licitación.

Logo das reunións de datas 3 e 10 de xullo de 2017, a Mesa de Contratación propuxo ao órgano de contratación que declare deserto o presente proceso de adxudicación.

Con data 11.07.2017, mediante a Resolución de Alcaldía núm. 311/2017, foi declarado deserto o procedemento de adxudicación do contrato de servizos denominado “Servizo de prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa”.

O mesmo día 11.07.2017 iniciouse polo Alcalde o novo procedemento de contratación deste servizo.

Mediante a Resolución de Alcaldía núm. 312/2017 de 12 de xullo aprobouse un novo expediente de contratación do servizo denominado “Prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa”, por procedemento negociado sen publicidade, e foi publicada a licitación no Perfil de contratante do Concello de Cedeira.

Dentro do prazo para presentar proposicións, recibíuse unicamente a da seguinte empresa:

- empresa: HALLSTAD EMERGENCIAS, S.L. (rex. entrada 3850 de 20.07.2017)

Non sendo posible iniciar os traballos dentro da data prevista no citado convenio, e motivado no retraso dos trámites administrativos necesarios para dispoñer a operatividade da brigada, éstes iniciáranse previsiblemente o día 03.08.2017, e rematarán polo tanto o día 02.11.2017.

Reunida a Mesa de contratación os días 21 e 31 de xullo de 2017, acordou:

- 1.- Declarar admitida a proposición presentada.
- 2.- Proponer a adxudicación do contrato de servizo “Prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa” á seguinte empresa, por ofrecer unha oferta válida e conforme ás condicións establecidas:

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*





- Empresa: HALLSTAD EMERGENCIAS, S.L.

- Prezo: 32.635,95 euros e 6.853,55 euros de IVE, cun total de 39.489,50 euros.

3.- Notificar á empresa proposta o requirimento da Alcaldía de presentación da documentación indicada no Prego de cláusulas administrativas; así como da garantía definitiva polo importe do 5% do prezo de adxudicación sen IVE.

Con data 24.07.2017 requiriuse á empresa HALLSTAD EMERGENCIAS, S.L. a presentación da documentación administrativa e garantía definitiva polo importe de 1.631,80 euros.

Con data 27.07.2017 a empresa HALLSTAD EMERGENCIAS, S.L. constituíu a garantía definitiva polo importe de 1.631,80 euros mediante ingreso en efectivo na conta bancaria de ABANCA a nome do Concello de Cedeira.

O mesmo día 27.07.2017 a empresa HALLSTAD EMERGENCIAS, S.L. presentou a documentación requirida para optar á adxudicación do contrato, sendo ésta correcta.

Reunida a Mesa de contratación con data 31.07.2017, unha vez verificada a documentación presentada, ratificou a proposta de adxudicación a esta empresa.

Examinada a documentación citada, e de conformidade co establecido no artigo 151 e na Disposición Adicional Segunda do TRLSP, de Contratos do Sector Público, **RESOLVO:**

1.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 315/2015 de 01.07.2015 por darse as circunstancias recollidas no art. 14 da Lei 30/1992.

2.- Adxudicar o contrato de servizos "Prevenición e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa" por procedemento negociado sen publicidade, a favor da empresa HALLSTAD EMERGENCIAS, S.L. coas seguintes condicións:

- Prezo: 32.635,95 euros e 6.853,55 euros de IVE, cun total de 39.489,50 euros
- Inicio da prestación do servizo: 03.08.2017
- Finalización do servizo: 02.11.2017

3.- Dispoñer o gasto con cargo á partida 136.227.99 do presuposto vixente de gastos.

4.- Notificar á empresa HALLSTAD EMERGENCIAS, S.L., adxudicataria do contrato, o presente acordo e citala para a sinatura do contrato que terá lugar no Concello de Cedeira, o día 02.08.2017.

5.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.

6.- Dar conta do presente decreto á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria, dou fe.

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*

